

opusdei.org

Indulxencias concedidas pola Santa Sé

Nestes días, os familiares dos fieis do Opus Dei e dos socios da Sociedade Sacerdotal da Santa Cruz poden beneficiarse dunha indulxencia concedida polo Santo Padre.

23-12-2008

*Reproducimos aquí unha tradución
nosa en galego do decreto orixinal
latino enviado pola Penitenciaría.*
PENITENCIARÍA APOSTÓLICA

BEATÍSIMO SANTO PAI,

Xavier Echevarría Rodríguez,
Prelado da Prelatura persoal da
Santa Cruz e Opus Dei, manifesta a
Súa Santidade a debida obediencia e
veneración filial, e suplica
humildemente que a Súa Santidade
dignese conceder as seguintes
Indulxencias:

I.- en favor dos que participan nas
celebración litúrxicas que a Prelatura
de la Santa Cruz e Opus Dei e a
Sociedade Sacerdotal de Santa Cruz
adoita promover, no triduo anterior
á solemnidade da Natividade do
Señor e da Pascua, para o progreso
espiritual das familias dos seus fieis e
dos seus socios: **a. - Indulxencia
plenaria** que se poderá lucrar
cumpridas as condicións habituais
(confesión sacramental, comunión
eucarística e oración segundo as
intencións do Sumo Pontífice) se, con

espírito de verdadeira penitencia, participan en todas as celebración do triduo; **b.- parcial**, que poderán obter os que asistan contritos ás funcións sagradas algún das días do triduo;

II.- para os pais, irmáns e irmás dos fieis da Prelatura e dos socios da Sociedade Sacerdotal, así como para os cónxuxes, fillos e fillas dos fieis supernumerarios: *Indulxencia plenaria* coas condicións habituais, que se poderá lucrar o día da festa da Sagrada Familia de Jesús, María e José se, con espírito de verdadeira penitencia, participan nunha función sagrada.

E Deus, etc.

Día 14 de maio de 2008

A Penitenciaria Apostólica, por mandato do Sumo Pontífice, accede benignamente segundo a petición a esta graza, *por sete anos*. Non

obstante calquera disposición
contraria.

James Francis S.R.E. Card. Stafford

Penitenciario Maior

† Gianfranco Girotti, O.F.M. Conv.

Ob. Tit. de Meta, *Rexente*

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/indulxencias-concedidas-
pola-santa-se/](https://opusdei.org/gl-es/article/indulxencias-concedidas-pola-santa-se/) (22-02-2026)